

ACTA DO RESULTADO DAS PROBAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: CONTRATACIÓN DE DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA A TEMPADA DE VERÁN.

Na Casa do Concello de Lalín, sendo as 9:15 horas do día 20 de xuño de 2017, de conformidade co disposto nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 29 de maio de 2017, constituíuse o tribunal cualificador citado, integrado polos seguintes membros:

Presidente: Jorge García Fernández

Vogais:

- ♦ Manuel Montoto Quinteiro
- ♦ José Luis González Iglesias
- ♦ Santiago Vilariño Pallares

Secretario: Román Pérez García

1.- ACORDO ADOPTADO POLO TRIBUNAL:

Vista a alegación presentada por D. Luis Antonio Mato Gil, con data 19 de xuño de 2017 núm. de rexistro de entrada 4228, na que solicita a revisión da pregunta núm. 29, o tribunal unha vez revisada dita pregunta acorda estimar a alegación presentada por dito aspirante, dando por correcta a resposta b) en lugar da resposta d) como se indicaba na plantilla de respostas, e proceder a corrección das valoracións.

2.- RESULTADOS DO PROCESO SELECTIVO:

Unha vez corrixidas e valoradas a totalidade das probas, de conformidade co disposto nas bases referidas, o tribunal cualificador, por unanimidade, outorga as seguintes cualificacións finais:

Aspirantes	1ª proba (físicas)	2ª proba (test)	3ª proba (toponimia)	4ª proba (galego)	Cualificacións finais
Luis Antonio Mato Gil	Apto	6,466	2,2	3,0	11,666
Diego Méndez Castro	Apto	7,266	2,0	2,0	11,266
José Gil Pérez	Apto	5,200	1,5	3,0	9,7

En consecuencia e de conformidade co disposto nas Bases X e XI, o tribunal cualificador propón a contratación de Luis Antonio Mato Gil e Diego Méndez Castro, por ser os dous candidatos con maior puntuación na súa cualificación final. Así mesmo, non se procede á remisión dos mesmos para a realización do curso de formación da Academia Galega de Seguridade, posto que os tres aspirantes contan con dita formación en vigor.

E non sendo outro o obxecto, o Presidente dá por finalizada a sesión, sendo as 12:00 horas do mesmo día citado no encabezamento. Esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, dou fe.

